



Iolanda Zúñiga, Inma López Silva, María Xesús Nogueira (moderadora) e Alberto Lema, no Castelo da Santa Cruz, en Oleiros

AMADOR LORENZO

A primeira persoa ferida do plural

Lema, Zúñiga e López Silva abren en Oleiros o cuarto encontro de novos escritores

CRÓNICA

IAGO MARTÍNEZ
GALICIA

iago.martinez@xornaldeg Galicia.com



Nada teñen que ver entre si, non sendo que os tres viven en Vigo, son escritores e naceron na mesma década dos setenta. Traballan dende posicións distintas e con programas ás veces antagónicos. Cada un arma as súas propias palabras e fura onde quere ou onde lle deixan. Postos a buscar unha primeira persoa do plural confortábel que partillar, un *nós* xeracional ou cultural ou de clase ou o que for, Alberto Lema (Bamiro, Vimianzo, 1975), Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975) e Inma López Silva (Santiago, 1978) tampouco se poñen de acordo. Para iso foran convidados ao cuarto Encontro de Novos Escritores que onte inauguraron no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros. Para disentir.

Alberto Lema chegou tarde á publicación, pero non para. En dous anos asinou os poemas de *Plan de fuga* (Estaleiro) e dous títulos de narrativa con dobre versión, a de Galaxia en galego e a de Caballo de Troya en castelán: *Unha puta percorre Europa* e *Sidecar*. Descre das xeracións, pero concede que son, se acaso, unha sorte de "pacto hobbesiano" que lles permite aos autores converter os rivais en compañeiros.

De propoñerse construír un *nós*, Lema si sabería por onde empezar. En Oleiros explicou que os seus viven un tempo histórico trino, marcado polas revoltas de 1968, "a última idade de ouro dos relatos liberadores"; o inicio da Transición española en 1975, "a inauguración da liberdade concedida, non conquistada"; e a caída do muro de Berlín en 1989, "a segunda morte de Deus". Tamén que a súa *xeración* podería describirse así: *A teta sobre o sol* (1996), de Olga Novo; *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro; *días no imperio* (2004), de Daniel Salgado; *Humidosas* (1997), de Emma Couceiro; e *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras.

Iolanda Zúñiga, polo contrario, sabe cando naceu pero non a que *xeración* pertence. O seu tempo histórico está, máis que en Berlín ou nas barricadas de París, na tecnoloxía e nas viaxes, nas organizacións non gobernamentais, no hip hop ou en serlle infiel á literatura coa primeira pantalla que pase. "En atragoarse de trapallada". Na certeza de que "ningún de nós é analfabeto".

De escoller, a autora de *Vidas post-it* (Xerais, 2007) e *Amor, amén* (Xerais, 2009) acarárase a Agustín Fernández Mallo, Cormac McCarthy, Kiko Neves, O'Leo, Leopoldo María Panero ou Luis García Montero. Fóra do O'Leo, un ano maior, ou Kiko Neves, que a adianta en

Tres autores dos setenta, tres formas de discutir o colectivo

seis, ningún deles é do seu tempo. A maioría sácanlle un par de décadas. Son, porén, os seus "contemporáneos".

A máis nova dos tres, Inma López Silva, foi a primeira en publicar. Aos catorce anos padeceu, coma ela di, "o debate entre a xeración dos oitenta e a dos noventa", e aos trinta xa non quere sentir falar de xeracións nin de grupos literarios. Retrátase "tremendamente individualista" aínda que comparta con Zúñiga o gusto pola "trapallada" – "Belen Esteban, a revista *Hola!*, o teatro e os cómics" –, e asegura ter máis trato cos autores que se abeiran aos sesenta que cos trinteneiros coma ela: "Fago activismo con quen quero e non con quen se supón que debo".

Secadra, a cerna da cuestión non estea nin no desmantelamento do bloque soviético nin nas reposicións serodias de *Verano azul*. Nin na retranca de O'Leo nin na nocilla de Fernández Mallo. Talvez a ferida da primeira persoa do plural estea na confesión de Lema, "fascinado pola celebración do individualismo sen culpa" de Inma López Silva. "Eu teño culpa", dixo, severo. "Non sei se é católica ou marxista, pero é culpa". ■

Máis información

Na web da Asociación de Escritores en Lingua Galega (www.aelg.org)